



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Terapia Ocupacional para a Autonomía Persoal no adulto con Disfunción na Saúde Mental	Código	653G01306	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	7.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Dacuña Vázquez, Inés	Correo electrónico	ines.vazquez3@udc.es	
Profesorado	Canosa Domínguez, Nereida María Corral Bergantiños, Yoanna Dacuña Vázquez, Inés Groba Gonzalez, Betania	Correo electrónico	nereida.canosa@udc.es yoanna.corral@udc.es ines.vazquez3@udc.es b.groba@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia ten como obxectivo achegar ao alumno/a o proceso de intervención de Terapia Ocupacional, no adulto con disfunción na saúde mental, proporcionando para iso os principios teóricos e filosóficos que sosteñen e fundamentan a práctica profesional do terapeuta ocupacional neste ámbito.</p> <p>Descriptor:</p> <p>Fundamentos da promoción da autonomía persoal e valoración da dependencia nas actividades da vida diaria con e sen adaptacións e/ou axudas técnicas. Análise da ocupación en Terapia Ocupacional e a súa utilización terapéutica. Terapia Ocupacional para a integración (saúde mental). Aplicación da actividade ocupacional.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Promocionar a autonomía personal e a participación social do usuario nos diferentes contextos e entornos (físico, cultural, social, personal, virtual, espiritual). En definitiva, coñecementos e capacidades para aplicar á teoría e á práctica de Terapia Ocupacional.	A9 A10 A18 A19	B3 B4 B9 B24
Manter e mellorar a calidade de vida dos usuarios.	A15 A19 A20 A23 A24	B4 B5 B9 B24 B36	C7
Desenvolver coñecemento e capacidade para aplicar as ocupacións terapéuticamente e coñecemento e capacidade para aplicar as Actividades da Vida Diaria terapéuticamente en todas as áreas de desempeño ocupacional.	A6 A9 A11 A13 A14 A23	B2	C4
Capacidade para identificar e anticipar situacións de risco no adulto con posibilidade de presentar disfunción ocupacional debido ás condicións contextuais.	A20 A29	B3 B9	C7



Intervir coa persoa adulta, nas patoloxías/trastornos de saúde mental incidentes nesa etapa vital que ocasionan unha mingua do seu desempeño ocupacional e, polo tanto, da autonomía persoal.	A7 A8 A11 A17 A18 A19 A29	B3 B9 B24	C7
Adquirir destrezas na implementación do programa terapéutico personalizado (segundo o usuario, en función da súa historia persoal, da patoloxía que presenta e do período evolutivo desta). E adquirir a capacidade de establecer unha relación terapéutica apropiada aos diferentes momentos do ciclo vital da persoa.	A10 A16	B4 B9	C7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Marco conceptual: Contextualización e razoamento introdutorio desde Terapia Ocupacional ó ciclo vital (Tema transversal do nivel intermedio do Título)	1.1 Análise das necesidades de saúde e benestar 1.2 Análise das principais ocupacións na persoa adulta 1.3 Análise dos recursos sociocomunitarios 1.4 Análise dos medios de comunicación e valores
Tema 2.- Calidade de vida (Tema transversal do nivel intermedio do Título).	2.1 Aproximación á calidade de vida desde Terapia Ocupacional 2.2 Historia de vida
Tema 3.- Autores de referencia en Terapia Ocupacional: Adulto II	3.1 Comprensión do desenvolvemento teórico 3.2 Análise e reflexión dos contextos históricos e socioculturais
Tema 4.- Rede de servizos: recursos existentes (ou por desenvolver) para o Adulto II	4.1 Características e enfoques dos diferentes dispositivos 4.2 Lexislación que afecta ó servizo e á súa práctica 4.3 Habilidades, funcións e rol do terapeuta ocupacional 4.4 Relación co equipo interdisciplinar 4.5 Perfil das persoas usuarias



<p>Tema 5.- Proceso de Terapia Ocupacional no Adulto II: Autonomía persoal e Participación Social (Tema transversal do nivel intermedio do Título)</p>	<p>5.1 Derivación.</p> <p>5.2 Screening e valoración inicial.</p> <p>5.3 Fundamentos de Terapia Ocupacional relevantes en Terapia Ocupacional para promoción da autonomía persoal no adulto e a súa aplicación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Marcos de Referencia.- Modelos de Práctica de Terapia Ocupacional: Modelo Canadiense do Desempeño Ocupacional, Modelo de Ocupación Humana, Modelo Kawa, Modelo de adaptación a través da ocupación, Marco de Traballo para a Práctica de Terapia Ocupacional: Dominio e Proceso, entre outros.-Articulación con conxunto de técnicas pertinentes.- Práctica centrada na familia.- Práctica baseada na evidencia. <p>5.4 Avaliación ocupacional:</p> <ul style="list-style-type: none">- Perfil ocupacionnal e análise do desempeño.- Persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s-Avaliación das contornas significativas: domicilio centro de formación, centro laboral, centro de ocio e tempo libre y demais recursos comunitarios.- Barreiras e facilitadores do desempeño ocupacional, dos dereitos ocupacionais e saúde e benestar das persoas/grupos/comunidades. <p>5.5 Planificación de metas e obxectivos coa persoa/s, grupo/s, institución/s e poboación/s e coordinación co equipo interdisciplinar. Metodoloxía SMART/SMORT.</p> <p>5.6 Intervención desde Terapia Ocupacional.</p> <ul style="list-style-type: none">- Consenso co usuario/a, familia/profesionais, tendo en consideración as contornas significativas, as características e as prioridades da persoa, así como as situacións de saúde de maior incidencia que poden causar disfunción ocupacional(trastornos mentais, discapacidade intelectual, trastorno de conducta alimentaria, etc.).- Consideracións das situacións de vulnerabilidade social (pobreza, exclusión, inmigración/desprazamento forzado, violencia de xénero, entre outras) que poden impactar negativamente no desempeño ocupacional ou producir situacións que comprometan os dereitos ocupacionais das persoas/grupos ou comunidades.- Traballo nas áreas de ocupación empregando a ocupación/actividade significativa en colaboración co/a usuario/a, familia e profesionais. <p>5.7 Actuación nos factores ambientais que funcionan como facilitadores/barreiras de participación en ocupacións do adulto: actitudes/crenzas, alianzas, etc.</p> <p>5.8 Asesoría de terapia ocupacional cos adultos: persoa/s, grupo/s, comunidade/s e demais profesionais, familias, amigas/os e outros/as.</p> <p>5.9 Planificación da alta, seguimento e derivación.</p>
<p>Tema 6.- Deseño, xestión, planificación e avaliación da Calidade do servizo de Terapia Ocupacional: Adulto II</p>	<p>6.1 Dirección de recursos, estudos de custo, administración e coidado dos servizos e equipamentos nos eidos sanitarios e comunitarios (domiciliario, formativo, laboral, entre outros)</p> <p>6.2 Actualización permanente do/a profesional</p>



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A7 A8 A9 A10 A11 A14 A15 B3 B4	20	25	45
Prácticas de laboratorio	A6 A13 A16 A17 A18 A19 A23 B5 B24 C4	30	20	50
Sesión maxistral	A20 A24 A29 B2 B9 B36 C7	25	10	35
Traballos tutelados	A15 A19 A20 A23 B2 B3 B9 B24	10	13.5	23.5
Proba mixta	A20 A24 B2 C7	2	30	32
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>
Traballos tutelados	
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> <p>Permite adquirir as competencias específicas referenciadas nesta materia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Prácticas de laboratorio Sesión maxistral	A atención personalizada farase mediante titorías personalizadas directas e virtuales, individuais e grupais. O docente responsable da materia estará dispoñible no despacho do centro segundo o horario de titoría, establecido ó inicio da materia.
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A7 A8 A9 A10 A11 A14 A15 B3 B4	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. O alumno/a realizará casos clínicos, que serán analizados desde os distintos modelos de práctica de terapia ocupacional específicos en saúde mental. A avaliación desta metodoloxía contemplará tamén o traballo realizado polo estudante nas actividades de aprendizaxe e servizo.	20
Prácticas de laboratorio	A6 A13 A16 A17 A18 A19 A23 B5 B24 C4	Obligatoria. Se valorará: puntualidade, la asistencia, responsabilidade, iniciativa, interés, actitude ante as normas, relación coa equipa de compañeiros, a integración e aplicación de conceptos teóricos-prácticos adquiridos previamente, as destrezas e os coñecementos adquiridos.	25
Proba mixta	A20 A24 B2 C7	Valorarase ademais dos coñecementos adquiridos, a capacidade de expresión escrita do alumno (avaliando de forma negativa os erros gramaticais e ortográficos), e a integración de conceptos.	50
Sesión maxistral	A20 A24 A29 B2 B9 B36 C7	A asistencia será obligatoria e valorarase a capacidade do alumno/la para integrar de forma activa os conceptos teóricos impartidos na clase e ó mesmo tempo que demostra, de forma progresiva a integración das competencias da materia.	5

Observacións avaliación



O sistema de cualificación exprésarase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se estableceu sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honor (Graciable). Nesta liña, considerarase como "non presentado" (NP) aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concurrira ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico.

A efectos desta materia, considerarase como Non presentado (NP) ao alumnado que non participe na totalidade de actividades de avaliación continua, tendo en conta as condicións que figuran a continuación, e/ou que non se presente á proba mixta no período oficial de avaliación.

Para aprobar a materia, o alumno debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar os traballos e ter superadas canda unha das metodoloxías que conforman a materia. Ademais, será necesario ter unha calificación mínima de 2.5 puntos (sobre 5) na proba mixta, e solo se terán en consideración para a calificación final as notas das outras metodoloxías, se o alumno/a consegue dita puntuación na proba mixta. No caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na segunda oportunidade (Xullo), no caso de ter aprobada e superada a proba mixta. Se valorará a puntualidade e a asistencia obrigatoria a todas as horas presenciais das metodoloxías establecidas na materia. No caso de non superación da materia na primeira oportunidade da

convocatoria (maio) pola ausencia ás Prácticas de laboratorio, non se poderá superar a materia na segunda oportunidade (xullo), e a/o estudante terase que presentar na seguinte convocatoria, ao tratarse de actividades que, pola súa natureza, non son recuperables na segunda oportunidade (tal e como recollen as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobadas polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013 e modificadas por última vez no Consello de Goberno do 29 de xuño de 2017). Segundo a norma que regula o

régime de dedicación ao estudo do alumnado de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 4/05/2017), cando un(ha) estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) da devandita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación da/o estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa. Por tanto, a concesión á solicitude da devandita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da Comisión académica do Grao en Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias. A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da Universidade da Coruña ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un(ha) estudante no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia, na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á oportunidade extraordinaria.



Bibliografía básica	<p>- Moruno, P. y Talavera M.A. (2012). Terapia Ocupacional en Salud Mental . Elsevier España</p> <p>Asociación Psiquiátrica Americana (A.P.A.) (1994): Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales (DSM-IV). Barcelona: Massón Banyard, P., Cassells, A., Green, P., Hartiand, J., Hayes, N., Reddy, P. (1995). Introducción a los procesos cognitivos. Barcelona: Ariel. Breines, E.B. Occupational Therapy. Activities from clay to computers. Theory and Practice. EA. Davis Company. Filadelfia Carrobbles, J.A. (ed.) (1985): Técnicas de Relajación. Barcelona: Martínez Roca Cautela, J. R. y Groden J. (1985): Técnicas de Relajación. Barcelona: Martínez Roca</p> <p>Christiansen, Ch., Baum, C. Occupational therapy : overcoming human performance. Thorofare : Slack. Cormier, W., Cormier L. (1994): Estrategias de entrevista para terapeutas. Bilbao: Desclée de Brouwer Durante, P., et. al.: Terapia ocupacional en salud mental: principios y práctica. Masson. 1ª ed. 1998 Gil, F., García Saíz, M. (1993). Habilidades sociales: teoría, investigación y aplicaciones. Madrid. Síntesis. Gómez Tolón. J. "Fundamentos Metodológicos de la Terapia Ocupacional". 1ª Ed. Editorial Mira. Zaragoza. 1997. Grieve, J. (1994). Neuropsicología para terapeutas ocupacionales. Buenos Aires: Panamericana. Hagedorn, R. "Occupational Therapy- Foundations for Practice. Models, frames of reference and core skills". 1ª Reimp. Editorial Churchill Livingstone. New York. 1993. Hopkins, H. L., y Smith, H. D. Willard & Spackman: Terapia Ocupacional. Panamericana. 1998. Hopkins, H.L.; Smith, H.D. Willard and Spackmans Occupational Therapy. J.B. Lippincott Company. Filadelfia Hopkins. H.L., Smith, H.D. "Terapia Ocupacional", 8ª Edición. Editorial Médica Panamericana Madrid, 1998 Leonardelli, C. A. (1988): The Milwake evaluation of dayly living skills. Thorofare. Slack Inc. Liberman, R. (1993): Rehabilitación integral del enfermo mental crónico. Barcelona: Martínez Roca. Lorenzo, P. et al. (1998): Drogodependencias : farmacología, patología, psicología, legislación. Madrid : Panamericana McKay, M.; Davis, M., y Fanning, R (1995): Técnicas cognitivas para el tratamiento del estrés. Barcelona: Martínez Roca Reed, K. "Models of Practice in Occupational Therapy". Editorial Williams and Wilkins. 1984. Reed, K. L., Sanderson, S.N. "Concepts of Occupational Therapy". 3a ed. Editorial Williams and Wilkins. 1992. Revista Materia Prima. Primera Revista Independiente de Terapia Ocupacional en Argentina. Andrea Monzón editora. G. L. Mansilla 2665 Buenos Aires Argentina (1425) Ruiz, M.A. y Villalobos, A. (1994): Habilidades terapéuticas. Fundación Universidad-Empresa Sánchez, L. (1996) Manual de técnicas Grupales de comunicación y Creatividad para terapeutas ocupacionales. APETO: Madrid Baum, C. (eds.) Occupational therapy overcoming human performance deficits. Thorafore, N.J.: SLACK. pp.664-688 Trombly, C.A.(1990). Occupational therapy for phisical dysfuntion. (4th. ed.). Baltimore. Williams & Wilkins. Willson, M. (1987) Occupational therapy in long-term psychiatry. 2ª ed. Edimburgh, Churchill-Livingstone.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psiquiatría/653G01305

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "IV Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2020-2022)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

a.- Na súa maioría se solicitarán en formato virtual e soporte informático.

b.- De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Empregarase papel reciclado. Evitarase a impresión de borradores.

2.- A docente responsable resérvase a posibilidade de realizar algún cambio na avaliación ou outros aspectos que serán notificados aos estudantes coa suficiente antelación. No caso de confinamento levarase a cabo o plan de continxencia.

3.- Durante o período lectivo da materia, e sen que supoña unha alteración na asistencia do alumnado a outras actividades académicas, poderán programarse seminarios ou obradoiros de carácter optativo para afondar en certos contidos e técnicas moi específicas que complementan o desenvolvemento da materia.

4.- A docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías